

**ORDE do 28 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025. Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración. DOG Nº 90 (13/05/2025)**

## Obxectivo

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de subvencións de apoio ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluíndo cooperativas e sociedades laborais, que **se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2023** no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR880A)

## Beneficiarios

- Persoas traballadoras autónomas
- Mutualistas
- Pequenas e medianas empresas. Se inclúe comunidades de bens, sociedade civil ou entidades sen personalidade xurídica
- Cooperativas e sociedades laborais,

## Conceptos subvencionables

1. Serán subvencionables os investimentos que correspondan de xeito indubidable ao proxecto empresarial constituído ou dado de alta, segundo a natureza xurídica da entidade de que se trate, e que **iniciase a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2023**:

- 1) Equipamento informático.
- 2) Activos intanxibles: activos que non teñen unha materialización física ou financeira.
- 3) Investimentos en eficiencia enerxética.
- 4) Adquisición de bens de equipamento e mobiliario.
- 5) Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- 6) Gastos notariais e/ou rexistrals.
- 7) Gastos de alugamento de inmobles para a realización da actividade.
- 8) A adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou de bens de equipo de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:
  - Que os activos sexan adquiridos a unha persoa terceira non relacionada coa persoa compradora.
  - Que conste unha declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria

3. Os investimentos terán que estar realizados e pagados dentro do prazo de execución, que abrangue **dende o 1 de xullo de 2024 ata a data da presentación da solicitude**

## Intensidade de axuda

A contía da axuda terá as seguintes porcentaxes de intensidade en función do rango de investimento total realizado:

- a) Con investimentos de **5.000 € ou máis ata un límite de 20.000 €**, a contía da axuda **será do 55%** do investimento.
- b) Con investimentos de **20.001 € ou máis ata un límite de 30.000 €**, a contía da axuda **será do 50 %** do investimento.
- c) Con investimentos de **30.001 € ou máis ata un límite de 60.000 €**, a contía da axuda **será do 45 %** do investimento.

## Presentación de solicitudes

Dende o **21 de maio ata o 30 de xuño de 2025** ou esgotamento de presuposto